



Mugardos, 16 de xuño de 2017

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vostedes para ofrecerlles informacións sobre o final de curso e outros asuntos importantes de cara ao vindeiro curso como a xestión das axudas de libros de texto.

En primeiro lugar, comunicámoslles que as actividades académicas rematarán o **22 de xuño**. O venres, **23 de xuño**, desenvolveranse no centro as actividades culturais de fin de curso entre as que salientamos a entrega do *VI Premio Estudo e Deporte*. Esa xornada o transporte escolar realizará os percorridos habituais a partir das 10:15 horas, para chegar ao centro sobre as 10:30 horas. Ese día non se pasarán faltas de asistencia, pero todo o alumnado da ESO que veña ao instituto ou empregue o transporte deberá permanecer no recinto ata a saída ou recollida en conserxería polos seus familiares.

A entrega dos boletíns de notas realizarase o martes, **27 de xuño**, a partir das 12:00 horas, nas aulas de referencia de cada grupo. Os alumnos/as poden vir acompañados polos seus pais. O profesorado estará ao longo desa mañá no centro para resolver calquera consulta ou dúbida sobre as cualificacións. Lembrámoslles, asemade, que non existe transporte escolar para ese día nin para os exames de setembro.

O prazo legal de reclamación abrangue os días **27 e 28 de xuño**.

**23 de xuño** \_\_\_\_ ACTO CULTURAL: 10:30 – 12:30 Actuacións e traballos escolares.  
12:30 – 13:00 Recepción de autoridades.  
13:00 – 14:15 *Premio Estudo e Deporte*.

**23 de xuño** \_\_\_\_ Avaliacións  
Fin do prazo de solicitude de participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar.

**27 de xuño** \_\_\_\_ Entrega das notas: 12:00 horas (titores/as nas aulas).  
Devolución de libros de texto das materias aprobadas.  
Comezo das listas do Banco de Libros (ANPA)

**27-28 de xuño** \_\_\_\_ Reclamacións.

Para rematar, a dirección do centro, en nome do persoal non docente, do claustro e en especial dos titores/as, quere agradecerlles ás familias todo o seu interese e cooperación ao longo deste curso para acadarmos conxuntamente os obxectivos académicos e formativos dos seus fillos e fillas. As nosas portas permanecen abertas na procura da mellora permanente do servizo educativo do IES de Mugardos.

Serafin Álvarez  
Director do IES de Mugardos

## Libros de texto 2017-2018

### FONDO SOLIDARIO E AXUDAS OFICIAIS

O vindeiro curso terán continuidade os seguintes programas oficiais:

- Fondo solidario de libros de texto \_\_\_\_ todos os cursos da ESO
- Axudas para adquirir material escolar \_\_\_\_ todos os cursos da ESO

As condicións de renda e contías pódense consultar na páxina do instituto ou da Consellería de Educación.

Do mesmo xeito, o impreso de solicitude pódese solicitar no centro, descargar da páxina web do instituto ou da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (código do procedemento ED330B).

O prazo de presentación, preferentemente na secretaría do centro, remata o 23 de xuño. Só para o alumado de 4.º ESO que repita curso se ampliará este prazo.

### BANCO DE LIBROS (ANPA)

Á parte destes programas oficiais, seguirá funcionando o **Banco de Libros** da ANPA dirixido a todas as familias de ESO e tamén Bacharelato que voluntariamente queiran entregar e recibir libros de texto. Estamos convencidos de que se todas as familias colaboran nesta iniciativa, ningún alumno do centro quedará sen unha boa parte dos libros de texto que necesite.

### AXUDAS CONCELLO DE MUGARDOS

Ademais, o **Concello de Mugardos** vén de realizar a convocatoia anual de axudas para o ensino e o transporte con dúas quendas de solicitude: unha ata o 10 de xullo e outra en setembro.

### DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO

Un dos requisitos imprescindibles para recibir as axudas dos programas oficiais é a de devolver os libros de texto adquiridos coas axudas do ano pasado.

Oficialmente, o prazo para ter entregados os libros das materias aprobadas remata o 23 de xuño. Os libros das materias pendentes poderán conservarse ata que se examine na convocatoria de setembro.

**Para facilitar a devolución, recolleremos todos os libros de texto deica a data da entrega das notas, prevista para o 27 de xuño. Para iso pregamos que os depositen na conserxaría dentro dunha bolsa co nome do alumno ou alumna no exterior.**

### LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O VINDEIRO CURSO

Por último, comunicámoslle que a listaxe de libros de texto por materias e cursos estará dispoñible na secretaría e na páxina web do centro a partir do 27 de xuño. Adiantámoslle que non haberá cambios importantes con respecto aos manuais deste curso que remata.